

CUADRANTE



Nº 3

*Los Amigos
Villanueva de Arousa*


Vilanova de Arousa



CUADRANTE



Revista cultural da
“Asociación Amigos de Valle-Inclán”



Vilanova de Arousa

CUADRANTE

CASA DA CULTURA, VILANOVA DE AROUSA.

APARTADO DE CORREOS Nº 66

Xullo de 2001

Director:

Gonzalo Allegue

Subdirector:

Francisco X. Charlín Pérez

Consello de Redacción:

Víctor Viana

Ramón Martínez Paz

Xaquín Núñez Sabarís

Xosé Lois Vila Fariña

Ramón Torrado

Xestión e administración:

Pablo Ventoso Padín

Ángel Varela Señoráns

Ilustracións:

Marcela Santórun (*ilustración capa e pax. 37*)

Eugenio de la Iglesia (*Encabezamento de capítulos*)

Imprime:

Gráficas Salnés, S.L.

Dep. Legal: PO-4/2000

I.S.B.N.: 84-87709-99-0

SUMARIO:

Xosé Ramón Barreiro Fernández

“Francisco María del Valle-Inclán:

Vida e Obra”pax. 3

Francisco X. Charlín Pérez:

“A lingua galega na obra de Valle-Inclán:

denominacións e interferencias

lingüísticas”pax. 11

Gonzalo Amoedo e Roberto Gil:

“Don Juan Manuel Pereira de Castro.

Paralelismos con don Juan Manuel de

Montenegro”pax. 43

Antonio Espejo Trenas:

“Ramón María del Valle-Inclán, héroe de

crónica en el Perú. (Un artículo olvidado de

José Carlos Mariátegui)”pax. 53

Manuel Longa Pérez:

“Alusiones a la Eucaristía en la obra de

Valle-Inclán”pax. 62

Cuadrante non manterá correspondencia sobre orixinais recibidos e non solicitados.

A responsabilidade das opinións verquidas pertence exclusivamente ós autores o mesmo que o respecto á propiedade intelectual, recaíndo sobre eles calquera acción xudicial no caso de producirse plaxio.



DON JUAN MANUEL PEREIRA DE CASTRO. PARALELISMOS CON DON JUAN MANUEL DE MONTENEGRO

Gonzalo Amoedo e Roberto Gil

Establecer paralelismos soe ser absurdo, e máis cando se trata de establecerlos entre personaxes reais, máis ou menos envoltos na brétema das lendas, e aqueles que son paridos pola fecunda imaxinación dun escritor como Valle-Inclán. Vaia por diante esta pequena confesión coa que pretendemos facernos perdoa-la ousadía de intentar realizar, como un simple xogo, non o paralelismo anunciado, que podería resultar desproporcionado para as nosas forzas, pero si deixar patente que entre os mundos de Valle e o de Pereira, cando menos hai varias similitudes que merecen ser comentadas. Polo de pronto, como entremés, pénsese na coincidencia de nome do protagonista de *Romance de lobos*, *Águila de Blasón*, *As Sonatas...* e o Pereira, e da coincidencia da extracción social fidalga.

Pero coma nós non debemos de ser tan pretensiosos como para imaxinar ou dar a imaxinar descubrimentos que non nos corresponden, dicir tamén que os primeiros en falar destas semellanzas foron Don Ramón Otero Pedrayo, amigo de Valle-Inclán (que máis tarde, moito máis tarde das *Comedias Bárbaras*, imaxinaría a súa novela *O señorito da Reboraina*), e o mesmo Valle, nunha conferencia no Ateneo madrileño que, desgraciadamente, non demos localizado á hora de pechar este artigo, pero que Robert Lima a menciona na súa biografía sobre o escritor, publicada pola editorial Nigra Imaxe.

Comezando hai que dicir que cando Gonzalo Allegue describe no nº1 de *Cuadrante* a Valle Bermúdez, pai do escritor

Valle-Inclán, coma: “un hombre de carácter, activo, inquieto, quizá una punta disperso, a la manera de algunos héroes barojianos del XIX”, antóllasenos que está describindo a Pereira. E proseguimos, levados do fío conductor do propio Gonzalo Allegue, cando o describe como “exaltado setembrino firmante de proclamas antiborbónicas, el irónico debedador de alcaldes y secretarios de ayuntamientos, el republicano de 1873...” A similitude é bárbara, como se verá máis adiante.

Se ben a crenza popular, tal e como se pode ler na placa existente na fachada da Casa Grande de Reboreda, dicía que, coma Valle Bermúdez, Juan Manuel Pereira Castro Prego de Montaos Araújo Sotomayor¹ nacera no ano 1823, a realidade é que nacera tres anos antes, concretamente o día 24 de maio de 1820, no pazo de Reboreda, Redondela, sendo fillo de Ignacio Manuel Pereira Rodríguez Avelle Mosquera Prego y Sotomayor, un activo militar contrarrevolucionario durante o Trienio Liberal, que chegou a Coronel do Rexemento de Tui e “Vicepresidente da Xunta Apostólica de Galicia, Comandante Xeneral da División do Miño e Xefe principal dos voluntarios Realistas de Galicia”², e de Rosa Castro y Gayoso. Unha simple consulta

¹ Fonte: *Heráldica en las Iglesias del Obispado de Tui*, por Aquilino González Santiso, artigo publicado na revista *Tui. Museo y Archivo Histórico Diocesano*, Tomo V, ano 1989.

² Segundo palabras de Xosé Ramón Barreiro Fernández, *Liberales e absolutistas en Galicia*, Edicións Xerais. Vigo.



Pazo Reboreda (Redondela)

ó Arquivo Histórico Diocesano de Tui pode sacarnos de dúbidas. A súa partida de bautismo, inscrita no Libro IV de Bautismos da parroquia de Santa María de Reboreda, ó Folio 152, di:

“En 24 de mayo del año del señor de 1820 Yo don Ramón Pereyra, Abad de esta parroquia de Santa María de Revoreda Bautice solemnemente un niño que dijeron haber nacido en el mismo día hijo legítimo de Don Ignacio Manuel Pereyra y de su mujer Doña María Rosa de Castro y Gayoso vecinos de esta feligresía, le puso de nombre Juan Manuel Robustino, fueron sus padrinos Don Gregorio Opazo y Doña Rita Gayoso vecinos de Santa Eulalia de Vanga, a los que advertí el parentesco espiritual y mas obligaciones de la Iglesia, Abuelos paternos Don Juan Manuel Pereyra y Doña Manuela Rodríguez Avale vecinos de esta, Maternos Don Manuel de Castro y Doña Rita Gayoso vecinos de la

referida Santa Eulalia de Vanga en el Obispado de Orense y para que conste lo firmo.”³.

Os comezos non semellan moi alentadores, se pensamos na figura de Don Ignacio Manuel, pero Pereira Castro destacaríase durante toda a súa vida por ser todo o contrario do seu pai, quen morreu no ano 1830, sendo este aínda un cativo. Polo contrario distinguíuse sempre por ser iconoclasta, rifante, polígamo e revolucionario, estando máis preocupado en dilapidar os bens herdados —que a súa futura esposa tería que ir empeñando pouco a pouco, para proseguir a carreira política e o afán de gloria do seu marido—, que en proseguir os pasos do absolutista proxenitor.

O aparente conflito entre o absolutismo do pai e a ferverza liberal do fillo, como di

³ Arquivo Diocesano de Tui.



Otero Pedrayo: Día de Rosalía. Padrón 1958.

Xosé Ramón Barreiro nun excelente traballo titulado *Ficción e realidade histórica na novela O señorito da Reboraina* de Otero Pedrayo, publicado nun dos dous tomos do *Homenaxe a Ramón Lorenzo*, non deixa de ser un esquema reproducido con demasiada frecuencia entre a intelectualidade galega daquel entón. Pénsese senón en Faraldo ou en Curros Enríquez, con proxenitores de parecido talante político.

Por certo que Juan Manuel Pereira, dono dos vínculos de Reboreda, Xunqueiras, Amieirolongo, Grixó e Arcos, casaría no ano 1851 na propia parroquia de Santa María de Reboreda coa ourensá Narcisa Blanco Novoa, a quen coñecera no ano 1848, nun alarde propio de escena valleinclanesca, logo de, quizais fuxindo, salta-la tapia do convento das Mercedarias desa cidade, onde comezara a súa vida política. Don José Becerra, xefe político desa provincia, dicía del en decembro de 1842 o seguinte:

“...sabemos que el revolucionario Don Juan Manuel Pereira, titulado señor de Reboreda, que se encontraba hace tiempo en los pueblos fronterizos del vecino reino de Portugal, con planes subversivos a la tranquilidad de esta provincia y de la de Pontevedra, acaba de presentarse a las autoridades portuguesas de Chaves, reclamando el asilo que el derecho de gentes concede a los emigrados. Estas dispusieron internarlo en Vila Real”⁴.

Pouco debeu de dura-la súa estancia nas terras portuguesas, pois en outubro de 1843 tería lugar o pronunciamento liberal espartarista, que tivo grande difusión en Vigo e na súa área de influencia, no que participaría o noso Pereira, a tal punto que don Vicente de Vicente, alcaide da illa de San Simón —illa que viña funcionando como lazareto do porto desa cidade dende o 25 de setembro de 1842—, sería acusado de facilitar aquelas instalacións para a reunión entre os exiliados e os pronunciados. O deputado titular Ramón Martínez Saco⁵ e o seu suplente Juan Manuel Pereira de Castro foron acusados de tomar parte na sublevación de Vigo. Pereira sería acusado ó tempo de ameazar ós licenciados do exército co obxecto de que se sumasen ó pronunciamento, constatándose no caso do seu amigo e compañeiro Martínez Saco, que acompañara ó xeneral Iriarte, home de confianza de Espartero e máximo responsable dos acontecementos dende o punto de vista militar⁶.

⁴ Fonte: *Boletín de Noticias*, A Coruña, 6/12/1842.

⁵ Nótese, a título de curiosidade, a coincidencia de apelido entre Ramón Martínez Saco e a primeira muller de Valle Bermúdez, dona Ramona Montenegro y Saco, así como a das súas iniciais.

⁶ Para saber máis sobre deste suceso, consultar *Las Élités y el Poder Político...*, de Pablo Taboada Moure e *As Illas de San Simón*, de José Antonio Orge Quinteiro. Segundo o profesor Barreiro, ese Xoán Manuel Pereira non sería o noso, senón un curmán seu, apelidado Pereira Cernadas, quen sería de Soutomaior. Nós, sentindo disentir de tan eminente erudito, reafirmámonos en que se trata do noso Pereira de Castro.

Por tal motivo, o gobernador civil anulaba o resultado das eleccións, sendo elixido nunha segunda volta, no lugar de Martínez Saco, Manuel Troncoso Almansa, un conservador que chegaría a exercer de alcalde de Redondela en varias ocasións.

En agosto de 1848, Juan Manuel Pereira, por entón Deputado a Cortes polo distrito de Pontearreas, foi acusado de dirixir unha proclama ós habitantes de Galicia e ó Exército instándolles á rebelión contra do goberno constituído⁷. Por tal motivo, e por vez primeira, coñecería o cárcere; foi xulgado en outubro dese ano pero conseguiu fuxir de forma espectacular nun buque, logo de pasar, ferido, polo Hospital da Coruña levando consigo médicos e sentinelas, que o trasladarían ben lonxe, pensamos que á zona de Monçao, onde foi axudado polo seu parente o Barón do Hospital Joaquim de Queiroz.

Logo de agardar a amnistía do Goberno, pois fuxir con soldados constituía un delito común, e aproveitando que era deputado, optou, para cortar o enredo, por presentarse no Congreso, convenientemente disfrazado. Entrando sen previo aviso, ocupou o seu asento, sen que ninguén se atrevera a prendelo naquel momento, permanecendo libre, votando e exercendo o honroso cargo de representante do país. Os soldados que o acompañaron serían indultados polo Xeneral O'Donnell, quen lles concedeu como premio a licencia absoluta. ¿Quérese maior similitude cos personaxes de Valle?

Otero Pedrayo describiría esta acción como segue: “nun burato da ponte vella de Ourense estivo escondido, pois a súa cabeza valía moitos centos de isabelinos, e alí un criado lle levaba a merenda e as cartiñas de amor. Gañada a acta de deputado non era entón considerado por tal denantes de se sentar no

Congreso. Cen furóns e cadelas da policía bulían en Madrid sobre dos seus pasos. Il vestido de vella chegou á porta do Congreso, desfíxose da farrapada, e nun chisco sentouse no Congreso, a sesión escomenzada, espertando olladas de tigre do “Espadón de Loja”, marmurios da maioría, aplausos da minoría...”⁸.

De volta do exilio, en xullo de 1854, Pereira sería o responsable do pronunciamiento liberal na cidade de Pontevedra e foi nomeado Gobernador Civil da provincia, cargo no que duraría ata setembro⁹.

A propósito deste período de Pereira como Gobernador Civil, di Xosé Manuel Salgado: “pouco afortunada debeu se-la actuación de Don Juan Manuel Pereira como Gobernador de Pontevedra, a xulgar polas protestas xurdidas en amplos colectivos da poboación. Xosé María Álvarez Blázquez recolleu unha nota da prensa local, non exenta de certa verbosidade retórica, na que se facía referencia a un escrito que os veciños de Vigo, indignados pola forma de proceder do seu gobernador, enviaron ó Ministro da Gobernación en datas inmediatamente anteriores ó 22 de agosto de 1854... A protesta dos 300 vigueses xurdiu fulminante efecto, pois o Gobernador foi destituído e nomeado no seu lugar Manuel Somoza, séndoo interinamente Atanasio Fontán...”

Non queremos deixar pasar esta pasaxe da vida de Pereira sen facer referencia a que por aquel entón Valle Bermúdez funcionario da Facenda local e viúvo dende abril, solicitaría en setembro o seu traslado a León. Á forza houberon de coincidir no tempo e no espacio daquela pequena vila de Pontevedra, os dous revolucionarios, os dous amigos do masón Indalecio Armesto.

⁷ Fonte: *Sumaria instruída contra Juan Manuel Pereira en outubro de 1848*, Fondo Blanco Cicerón do Arquivo Histórico da Universidade de Santiago de Compostela.

⁸ Fonte: Artigo titulado: *O enamoradoiro fidalgo da bolsa sempre aberta*.

⁹ Fonte: *A Deputación de Pontevedra 1836-1986*, X. Fariña Jamardo e Miguel Pereira Figueroa.



Castelo de Santo Antón. A Coruña.

Nas eleccións do primeiro de outubro dese ano, volvería a ser elixido deputado xunto con outros progresistas que lindaban co republicanismo: Eduardo Ruíz Pons, Eduardo Chao Fernández e Manuel Bertamaní.

En 1867 vai de Vigo a Londres nun pequeno vapor, para visitar ó Xeneral Prim, e no transcurso da travesía corre os perigos dunha furiosa tempestade¹⁰. A motivación da viaxe, como di Barreiro, atópase nunha conspiración con epicentro na cidade da Coruña na que están implicados un sarxento dun rexemento de Infantería e outros progresistas da cidade, que remataría co fusilamento do sarxento e coa detención de varios oficiais e paisanos, entre eles Pereira, que, pese a todo, consegue fuxir e marchar a Inglaterra.

¹⁰ En *Romance de Lobos*, don Juan Manuel de Montenegro increpa ós mariñeiros polo medo

Volvería a ser detido e encerrado no castelo de Santo Antón na Coruña o día 19 de maio de 1868, por supoñelo implicado cos que preparaban a revolución dese ano. O castelo, situado nunhas rochas sobre o mar, está separado da terra; a Pereira pechárono nun calabozo incrustado na muralla, ó mesmo nivel do mar, filtrándose moita humidade que lle empapaba as roupas. Estivo incomunicado mes e medio, significando iso non só non ter visitas ou correspondencia, senón a privación tamén de libros.

Na lectura do oficio no que lle levantan dita medida, o Gobernador do Castelo diríalle que aínda tiña que seguirse a causa pola anterior fuga porque estaba sen amnistiar. Contesta Pereira que podían facer o que quixesen, pero se tal cousa se sabía na China ata alí se rirían; ó que lle replicaría o Gobernador: “Pues se reirán los chinos, pero se seguirá la causa”. Referíase o Gobernador a unha fuga que tivera lugar cando Pereira



Curiosa escena de D. Juan Manuel Pereira en Siam. *La Ilustración Gallega y Asturiana*

estaba preso no Hospital Militar desa cidade.

O 29 de setembro de 1868 o pobo foi a recollelo en lanchas para sacalo da prisión e ó desembarcar no peirao, a multitude colleuno nos seus brazos e levouno en triunfo polas rúas, nomeándoo despois, por unánime aclamación, Presidente da Xunta de Goberno que entón se estableceu. Desta forma pasou do cárcere á cadeira da presidencia mentres o retrato de Prim paseábase pola cidade e o da raíña Isabel II era guindado polo balcón, como dicían as crónicas da época.

A Xunta de Goberno instituída na cidade coruñesa, ademais do persoeiro que nos ocupa, de recoñecida traxectoria liberal, estaba conformada polo comerciante Juan Montero Felling, o enxeñeiro Francisco Cejudo, o relator de audiencia José María Patiño, o republicano Federico Tapia, os avogados Benito María Alonso, Diego Moreno de la Riba, Constantino Vázquez e Luís Vieira, e o médico, vello liberal,

Hipólito Otero, que disolveron a Deputación nomeando outra presidida polo comerciante Andrés Garrido. O primeiro de outubro constituíron novo concello sendo elixido alcalde dunha corporación bastante dispar, onde se podían atopar dende exaltados republicanos ata enfervorizados monárquicos, como Julián Arias Carvajal¹¹.

O seu ardente iberismo, entre outras, foi unha das razóns que o moveu a ser un dos asinantes do manifesto do 12 de novembro dese ano, para que a coroa ibérica, dada polas Cortes Españolas, puidese adornar as sens dun monarca lusitano; ese mesmo desexo sería o motivo da súa non aceptación da presidencia da comisión de límites entre España e Portugal, coa que o Rexente o honrou, pola repugnancia que sentía en intervir na demarca-

¹¹ Fonte: *Historia de Galicia*, de Xosé Ramón Barreiro Fernández.

ción de fronteiras entre os dous pobos, que el quixera ver borradas.

Por entón comeza a súa época dourada, con recoñecementos públicos ó seu labor político, sendo acordado en Ourense, polo Concello Pleno, o día 14 de novembro de 1868, o outorgar o nome de Juan Manuel Pereira¹² a, ata entón, rúa do Concejo e entrada principal á cidade, e o 30 de decembro de 1869 éralle concedida a Gran Cruz de la Orden de Isabel la Católica¹³, a única da que facía gala, por ser, segundo as súas propias verbas, para recompensar servicios feitos á patria e que polo tanto significaba que, aínda en pequenísima escala, fixera algo polo seu país. Pola súa crenza de que non podería adquirir outro mérito que, realmente sen farsa nin engano, merecese nova distinción, non admitiu ningunha outra condecoración das de España¹⁴.

A finais de agosto parte dende Madrid para Barcelona, co obxecto de embarcar cara a Asia, pero non atopa ningún barco con ese destino, polo que ten que ir por terra ata Marsella, onde o 3 de setembro de 1871, con cincuenta e un anos, logo de ser nomeado enviado extraordinario e Ministro Plenipotenciario no Imperio da China e nos reinos de Annam e Siam, embárcase na fragata Provenza, magnífico buque de vapor con profusión de comodidades. Pereira percorreu case todo o continente¹⁵, e mesmo se preocupou de sacar unha instantánea subindo a un elefante, a petición da súa sufrida esposa dona Narcisa. Na viaxe, coincidiría con varios ofi-

ciais españois con destino a Filipinas, entre eles o vigués Andrés Alderete, que desembarcan en Singapur.

Pensando en ocupar un posto entre os inmortais, Pereira recolle notas das súas viaxes por Singapur, Bangkok, Hue, Manila, Macau, Hong Kong, Cantón, Shanghai, Tiensing, Pekín, O Cairo, Alexandría e Nápoles xunto con lembranzas autobiográficas, que plasmaría máis tarde nunha publicación que sería editada en 1883, en Madrid, na imprenta de Gaspar Editores, e que titulará *Los Países del Extremo Oriente*, da que hai un exemplar no Pazo Museo Otero Pedrayo¹⁶, en Trasalba, e que merecería unha reedición.

Estando en Pekín recibe correo de España onde lle comunicaban a variación do Ministerio en Madrid, facéndose cargo o Xefe do Partido Radical, sr. Ruíz Zorrilla, e desempeñando a carteira de Estado o sr. Martos. E, solicitado o seu regreso á península aproveitando a presenza do vapor La Provenza en porto embárcase de regreso, non sen antes entregar a legación ó sr. Soto o 1 de novembro de 1872, e recomendar ó príncipe Kong que nomease cónsules e embaixadores nos países de frecuente emigración de chinos, cousa que aquel Goberno fixo pouco tempo despois, nomeando representantes en varias cortes europeas.

Na viaxe de regreso, moi ó seu pesar, desembarcou do vapor francés en Suez co obxecto de visitar Exipto e todo o que iso implica: El Cairo, as pirámides, a Esfinxe, o templo de Armarchis, o museo de Bulag, etcétera. Tamén visitou Alexandría e Nápoles, regresando a Marsella 16 meses despois da súa partida. Rexeitou volver á península por terra a causa das faccións carlistas que bulían polo litoral dos Pirineos, embarcándose nun peque-


¹² Fonte: Arquivo Municipal de Ourense, *Libros de Actas*.

¹³ Fonte: Arquivo Xeral do Ministerio de Asuntos Exteriores.

¹⁴ Fonte: *Los Países del Extremo Oriente*, de Juan Manuel Pereira. Quizais así se explique o porque de non aparecer o nome do Pereira entre os que solicitan medalla polos méritos contraídos en revolucións xa pasadas.

¹⁵ Fonte: *O señorito da Reboraina*, edición comentada por X.M. Salgado.

¹⁶ Aproveitamos a ocasión para agradecer as facilidades prestadas para a súa consulta á Directora da Biblioteca de Ourense Minia Martul e Susana González, da Fundación Otero Pedrayo.



D. Juan Manuel Pereira en Siam. *La Ilustración Gallega y Asturiana*

no vapor que fixo escala en Barcelona e Valencia. Por fin desembarcou en Alacante.

O 16 de xaneiro de 1873, Pereira chega a Madrid, despois de que, uns meses antes, fose elixido Senador pola provincia de Ourense¹⁷, para non perderse a proclamación da Primeira República, que tería lugar o día 11 de febreiro. Nas eleccións de maio dese ano é novamente elixido Deputado a Cortes, xunto co xornalista Indalecio Armesto, o médico Ramón Pérez Custales, o intelectual Eduardo Chao, José Ojea, Juan Manuel Paz Novoa, Jesús Montero Felingue, Francisco Suárez e Segundo Moreno Barcia, tamén republicanos.

¹⁷ Xoán Manuel Pereira recibe a noticia de mans do Sr. Otín en Tiensing e sorpréndese tanto que incluso se bota a rir, pois non comprende que, sen indicación súa e a catro mil leguas de distancia sucedese tal nomeamento. Días máis tarde élle confirmada polo vicecónsul de Shangai, Sr. Esperanza, que ante as dúbidas de Pereira tenlle que amosar a *Gaceta de Madrid* onde ven publicado, e onde observou que os electores de Ourense tiveran a bondade de acordarse do amigo a tan longa distancia. Fonte: *Los Países del Extremo Oriente*.

En agosto de 1883, o seu vello amigo Emilio Castelar, un dos presidentes da brevísima Primeira República —quen preferira dimitir dese cargo a ter que asinar unha sentenza de morte—, logo de acudir a un acto literario celebrado no teatro Tamberlick, en Vigo, encamiñou os seus pasos a Redondela, a casa do seu amigo. Probablemente a fotografía aparecida en *Historias de las Rías*, publicada por *Faro de Vigo*, da autoría de José Antonio Orge, na que aparecen Pereira e Castelar xunto ó carballo das cen polas de Reboreda, corresponde a eses días.

Ás 11 da mañá do 15 de abril de 1896, próximo a cumprir os setenta e seis anos, falecía na súa casa de Barbaña, coma consecuencia dunha anemia xeral¹⁸, o ex embaixador, deputado, revolucionario, mullereiro ata o derradeiro momento, don Juan Manuel

¹⁸ Transcrición da partida de defunción facilitada polo seu sobriño tataraneto Jesús Rodríguez Martínez.

Pereira de Castro. Reproducimos a nota aparecida no diario *La Integridad*, de Tui:

“...falleció en su casa de Barbañas, en las inmediaciones de Orense el ex embajador de España en China Excmo. Sr. Juan Manuel Pereira. Durante su permanencia cerca de la corte del celeste imperio redactó una memoria de las costumbres de aquel país, en extremo curioso, que publicó más tarde. Fué diputado a Cortes Constituyentes... recibió los santos sacramentos de la penitencia, comunión y extremaunción”.

Máis adiante, o mesmo periódico, que parece contradicir a don Vicente Risco cando este manifesta que fora enterrado na cidade auriense, indicaba:

“Por el Gobierno Civil de Ourense se concedió autorización para trasladar desde aquella capital a Redondela el cadáver del Excmo. Sr. Juan Manuel Pereira”¹⁹.

Tamén reproducimos a nota aparecida en *El Pueblo*, de Redondela, correspondente ó día 16 de abril:

“Ayer ha fallecido en una de sus posesiones cerca de la ciudad de Orense el Excmo. Sr. don Juan Manuel Pereyra —el señorito de Reboreda— como se le llamaba familiarmente, sorprendiendo la noticia, dadas sus bellas y no comunes cualidades, podemos decir que á toda la población, y sobre todo á la aldea inmediata de Reboreda en donde era, como se ha dicho mil veces, el padre de los pobres²⁰.

En el tren descendente, llegado á la estación del ferro-carril á las nueve y media de



El Pueblo. Hemeroteca do Mosteiro de Poio (Pontevedra)

la mañana, llegó el cadáver en un wagon, en caja de zinc; y á pesar de la inesperada noticia, que no se ha podido extender en pocas horas, han concurrido á la estación muchos y escogidos amigos del finado, que aumentaban a cada paso que daba la comitiva.

La edad avanzada, pues contaba 77 años, los achaques, enfermedades y sinsabores que acibararon ultimamente su existencia, lo llevaron al sepulcro antes de haber cedido a la vejez, dejando un hogar enlutado, y más que todo, muchísimos corazones que recordarán eternamente sus bondades.

Y mientras no dedicamos á tan distinguido personaje algunos rasgos biográficos, elevamos fervientes votos para que su alma haya merecido la misericordia de Dios y á la familia del cumplido caballero, la expresión de nuestro sentimiento más profundo.”²¹

¹⁹ Fonte: *La Integridad de Tui*, 17/04/1896 e seguintes.

²⁰ Nótese a coincidencia do apelativo que Valle-Inclán recolle en *Águila de blasón* referido a Juan Manuel de Montenegro: “¡Era el padre de los pobres!”, “¡La Santísima Virgen María no ha permitido que los pobres nos quedásemos sin padre!”. Incluso a coincidencia de que a patroa de Reboreda sexa tamén Santa María.

²¹ Hai certa confusión sobre a data de nacemento de Juan Manuel Pereira, e así se reflexa en distintos documentos: *El Pueblo*, di que morreu ós 77 anos; a partida de defunción, ós 73; coidamos que a partida de bautismo é esclarecedora, e polo tanto Pereira morreu cando contaba 75 anos, dez meses e 22 días.

Resumimos a nota do seu funeral que se celebrou o día 17 de abril, segundo *El Pueblo* do día 19:

“...ante un numeroso público de Orense, de esta Villa y de las parroquias limítrofes con acompañamiento de 15 señores sacerdotes, presidiendo el duelo los sobrinos políticos del finado y el heredero del mayorazgo²² que ocupaba el lugar de preferencia que tenía el Sr. Pereyra en el presbiterio de la iglesia...”

Descanse en paz el hombre singular que solo tuvo el defecto de ser... bueno en este mundo!”

Un ano máis tarde, como si se tratara dun episodio de *Romance de Lobos*, os herdeiros comezarían un preito sobre da testamentaria de Don Juan Manuel Pereira de Castro, que habería de durar case que vinte anos.

Os problemas principiarían pola veciñanza do finado e entre os xulgados de Ourense e Redondela, que se disputan a competencia para levala a cabo e que chegarían á Sala do Civil da Audiencia da Coruña. Por tal motivo, dicían as crónicas periodísticas naquel ano, a finca do prado de Reboreda, que o defunto abría ós veciños para o seu goce durante o transcurso da festa parroquial de Reboreda, non sería aberta ós romeiros²³. En 1916 o Padroado pasa definitivamente ás mans dos fillos da súa irmán Rita Pereira de Castro.

Cando Valle describe en *Romance de Lobos* a paisaxe e casa de Montenegro, semella a descrición de Reboreda e o Pazo de Pereira: ó lonxe o cemiterio, o río e as terras de labranza no medio, a Vila embaixo con “¡Viejas calles de una vieja villa feudal, con iglesias, con caserones, con huertos con-

ventuales!”; ata se nos antolla que a acción comeza un día 6 ou 21, e cando as feiras choqueiras tiñan un aquel de festa e romaría. Ata non se esquece das barbas tinguidas de prata da súa madurez nin do seu maior pecado: as mulleres, que recalca en *Águila de Blasón*, cando di: “...y mueve la ola de su barba y sus cabellos blancos...”. “Es uno de esos hidalgos mujeriegos...”²⁴.

Antes de rematar esta pequena aproximación á figura de Don Juan Manuel Pereira e quen cremos o seu arremedo, Don Juan Manuel de Montenegro, quixeramos dar conta de dúas citas: unha do profesor X.R. Barreiro, incluída no traballo mencionado anteriormente, referíndose ó protagonista da novela de Otero Pedrayo, *O señorito da Reboraina*, amigo de Valle-Inclán, a describe coma “a crónica novelada dunha biografía excepcional, a biografía de Don Xoán Manuel Pereira de Castro, o fidalgo de Reboreda, conspirador, embaixador na China, polígamo, republicano e posiblemente masón.”; e doutra cita, esta do mesmo Otero Pedrayo, referida tamén ó noso fidalgo Don Juan Manuel Pereira: “Tiña polo humorismo algo de Pedro Madruga; pola popularidade, dos xefes dos irmandiños; pola ciencia sutil do amor, do cabaleiro Casanova. O aboutante maorazgo Montenegro do *Romance de lobos* tamén se chamaba don Xoán Manuel. É estraño o que Valle-Inclán nono fixera galanteare ó luar máximo dos seus pazos... Don Ramón soubo de il, e quizais o coñeceu...”²⁵.

²⁴ Recollemos un dos seus piropos na última frase do seu libro *Los Países del Extremo Oriente*: “...ni mucho menos con la graciosa lectora que se digne fijar sus hermosos ojos en estas páginas.” Lémbrese que cando se publicou, Pereira xa contaba con 60 anos.

²⁵ Fonte: Artigo titulado “O enamorado fidalgo da bolsa sempre aberta”, de Ramón Otero Pedrayo, publicado en maio de 1968 con motivo das festas da Coca dese ano, editado polo Concello de Redondela.

²² Manuel Avelle Pereira, segundo a transcripción do testamento facilitada polo seu sobriño tataraneto Jesús Rodríguez Martínez.

²³ Fonte: *El Pueblo*, de Redondela, 4 de marzo de 1897 e seguintes.

Obras sobre Valle-Inclán en Edicións do Castro

- Cartas eruditas e literarias a Murguía. Ramón del Valle-Inclán y Bermúdez e Ramón del Valle Inclán y Peña, ed. de Xaquín del Valle-Inclán Alsina e Alfonso Mato.
- Mascarón de proa. Aportaciones al estudio de la vida y de la obra de Don Ramón María del Valle-Inclán y Montenegro, de José Rubia Barcia.
- La crueldad y el horror en el teatro de Valle-Inclán, de Juan Carlos Esturo.
- El mundo gallego de Valle-Inclán, de William J. Smither.
- Teoría y práctica de los géneros dramáticos en Valle-Inclán, de Pilar Cabañas Vacas.
- Goya en el esperpento de Valle-Inclán, de Luis Lorenzo Rivero.
- El fantasma de Valle-Inclán, de Borobó.
- El expresionismo en Valle-Inclán, de Carlos Jerez Ferrán.



EDICIÓNS DO CASTRO
DO GRUPO SARGADELOS






CONCELLO DE
VILANOVA DE AROUSA



O noso compromiso **Unha provincia para o século XXI**



estradas

instalacións

deportes

natureza

educación

servicios

tecnoloxía

cultura



DEPUTACION DA
CORUÑA

Verdi y el XIX

49º Festival de Ópera de La Coruña • 2001

7 de septiembre • 20,30 h.
RECITAL LÍRICO

13 de septiembre • 20,30 h.
RICHARD WAGNER
DIE WALKÜRE (ACTO III)

S. Ott.

19 y 21 de octubre • 20,30 h.
GIUSEPPE VERDI
UN GIORNO DI REGNO


2 de noviembre • 20,30 h.
G. VERDI
MESSA DI REQUIEM




Ayuntamiento de La Coruña
Concello de A Coruña



REPSOL
YPF





Vilanova de Arousa

CUADRANTE

Revista de Estudos Valleinclanianos e Históricos